



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS  
P3201000A  
PRAZA DO CONCELLO 1  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

## DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o procedemento aberto seguido neste Concello para a contratación dos servizos para a execución do proxecto “ Plan De Modernización Municipal do Concello de O Barco De Valdeorras ”.

Visto que dentro de prazo presentaron ofertas T-SYSTEMS, E-GIM, GOBERNALIA GLOBAL NET SA E ABSIS.

Procedida á apertura do sobre no que presentaron as súas ofertas.

Visto o Informe Técnico de valoración das ofertas de 10/11/2008.

Visto que o contido da oferta é conforme co sinalado nos Pregos.

Vista a proposta da Mesa de Contratación.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de 13/11/2008.

Vista a competencia nesta materia da Xunta de Goberno Local en virtude da disposición adicional segunda da Lei 30/2007, concordantes da Lei 7/1985 e Decreto de Delegación de 29 de xuño de 2007.

Visto o artigo 14 da Lei 30/1992 no relativo á avocación de competencias

### ACORDOU:

1º.- Avoca-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local dando conta da presente á mesma na próxima sesión que se celebre.

2º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos para a execución do proxecto “ Plan De Modernización Municipal do Concello de O Barco De Valdeorras ” por se-la oferta mais vantaxosa, e axustarse ós Pregos, a GOBERNALIA GLOBAL NET SA por importe de 162.450 euros IVE incluído. O crédito queda comprometido nos termos do acordo plenario de 06/11/2008.

3º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---Documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social

---Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

O Barco de Valdeorras, 13 de novembro de 2008

O ALCALDE EN FUNCIONES  
( Decreto 12/11/2008)

Ado.: Eduardo Ojea Arias

Vº O DECRETO,  
A SECRETARIA

Ado.: María Tamar Carrera Ares